

*Resolución do 10 de decembro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se modifica a Resolución do 13 de maio de 2008 pola que se establece unha convocatoria de listas de formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia, promovidos por esta secretaría xeral.*

Exposición de motivos:

Mediante a Resolución do 13 de maio de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración (DOG nº 96, do 20 de maio), esta secretaría xeral convocou unha lista de formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia.

Despois da experiencia da execución desta convocatoria é necesario facer unha serie de adaptacións e modificacións xurdidas da súa aplicación.

De acordo co anterior e en virtude das atribucións legalmente conferidas, a Secretaría Xeral de Emigración resolve:

Modificar o artigo 7.-Criterios de valoración nos números 1 e 3, que quedan redactados como segue:

1. Experiencia como docente en organismos oficiais (escolas, concellos, etc.):

- Máis de 5.001 horas: 14 puntos.
- De 3.001 horas a 5.000 horas: 13 puntos.
- De 2.001 horas a 3.000 horas: 12 puntos.
- De 1.500 horas a 2.000 horas: 11 puntos.
- De 1.201 horas a 1.500 horas: 10 puntos.
- De 1.001 horas a 1.200 horas: 9 puntos.
- De 801 horas a 1.000 horas: 8 puntos.
- De 451 horas a 800 horas: 7 puntos.
- De 150 horas a 450 horas: 6 puntos.

3. Experiencia profesional pola pertenza ou dirección dun grupo folclórico ou de cociña:

- De 14 a 15 anos: 9 puntos.
- De 12 a 14 anos: 8 puntos.
- De 10 a 12 anos: 6 puntos.
- De 5 a 10 anos: 4 puntos.
- Ata 5 anos: 3 puntos.

Modificar o parágrafo segundo do artigo 7.3º, que queda redactado como segue:

No caso de empate entre dous ou máis candidatos, daráselle prioridade a quen obteña unha maior puntuación segundo a orde establecida de baremación nesta resolución.

De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra resultante no sorteo que

ten lugar anualmente, en cumprimento do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Só poderán impartir seminarios os formadores que alcancen unha puntuación mínima de 6 puntos.

Terán preferencia os candidatos que, reunindo os requisitos, residan nos lugares onde se van impartir os seminarios ou na súa proximidade, sempre que teñan a puntuación mínima de 9 puntos (puntuación mínima en experiencia docente e profesional).

Engadir ao artigo 9.-Efectos da inscrición, os números 4 e 5:

4. Os formadores que despois de estar nomeados renunciaren á impartición dun seminario sen causa xustificada pasarán na próxima convocatoria ao final da lista.

5. A Secretaría Xeral de Emigración poderá inscribir de oficio, tras a autorización dos interesados, aqueles formadores que reúnan os requisitos, sempre que non se dispoña nas listaxes de formadores coa mínima puntuación ou se esgote a lista.

#### *Disposición transitoria*

O prazo de presentación de novas inscricións e actualizacións das listas establecido no artigo 10 aprázase para o ano 2009, ata o 15 de xaneiro dese ano.

Rematado o prazo publicaranse as listas actualizadas.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2008.

Manuel Luis Rodríguez González  
Secretario xeral de Emigración

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Orde do 21 de outubro de 2008 sobre a aprobación definitiva da modificación puntual 07-01 (edificio sindical) do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello do Barco de Valdeorras (Ourense).*

O Concello do Barco de Valdeorras, ao abeiro do artigo 85.5º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUG), remite o expediente de referencia e solicita a súa aprobación definitiva.

I. Antecedentes.

I.1. O Concello do Barco de Valdeorras dispón actualmente de Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 27 de xuño de 2003.

I.2. O ámbito de actuación da modificación puntual afecta dúas parcelas de igual superficie (675 m<sup>2</sup>) situadas en solo urbano. A primeira parcela sitúase